

Proxecto E-Dixgal: Circular inicio de curso

Estimado/a director/a.

A través desta comunicación, facémoslle chegar unha serie de instrucións sobre o desenvolvemento do Proxecto E-Dixgal de cara ao inicio de curso 2023/24:

INFORMACIÓN EN XADE

Para axilizar os procesos de acceso á plataforma EVA e de xestión do equipamento, é moi importante que na aplicación XADE figure a asignación do profesorado a cada grupo e materia dun nivel E-Dixgal.

- Menú de XADE = "*Alumnado - Grupos - Grupos Simples - Mantemento*": Nesta pantalla debe seleccionar o/a titor/a do grupo
- Menú de XADE = "*Alumnado - Grupos - Grupos Simples - Profesorado*": Nesta pantalla debe marcar todos os profesores/as que imparten algunha materia no grupo
- Menú de XADE = "*Alumnado - Grupos - Grupos Simples - Materias*": Nesta pantalla debe seleccionar o/a profesor/a que imparte cada materia en concreto

Para que os datos recollidos en Xade queden reflectidos no EVA (e en abalarMóbil), deberá facer visibles os grupos: Utilidades > Xestión > Opcións Abalar > Visualizar grupos. Mentres as materias non estean asignadas en Xade, o profesorado poderá crear novos espazos, consultar o catálogo e empregar a Ferramenta de Autor

Durante o mes de setembro deberanse seleccionar as materias E-Dixgal de cada curso desde "*Mantemento-Convocatoria actual-Ensinanzas-EVA/Edixgal*", segundo o indicado na documentación de solicitude do proxecto.

VARIACIÓNS NA MATRÍCULA

Os datos de alumnado e grupos son actualizados periodicamente de forma automática desde XADE, polo que non é preciso notificar de forma específica variacións na matrícula. Unicamente a partir do mes de outubro, será preciso solicitar equipos para o novo alumnado se no centro non hai un número suficiente de reserva.

CESIÓN DOS EQUIPOS DE ALUMNADO

Todos os procesos de xestión dos acordos de cesión (asignación de equipos ao alumnado, impresión dos acordos de cesión e remisión dos acordos) deben realizarse desde a ferramenta de Xestión do equipamento E-Dixgal (<https://www.edu.xunta.es/uac/premium/>).

As persoas encargadas da dirección do centro e da coordinación E-Dixgal deben ter acceso a esta aplicación. No caso de problemas no acceso deberase abrir unha incidencia no Soporte Premium.

O equipo do alumnado debe ser entregado á familia en concepto de cesión de uso. Dado que o equipo se cede para que o alumnado e as familias dispoñan do equipo non só no centro, senón tamén no seu domicilio, as familias deberán asinar o documento de compromiso de cesión do equipo.

As familias que non asinen o documento de compromiso de cesión do equipo non poderán retirar o equipo do centro, o que pode ocasionar importantes trastornos para o desenvolvemento das actividades educativas dos seus/súas fillos/as.

No caso de centros participantes en anos anteriores no proxecto E-Dixgal no que o número de equipos asignados sexa superior ao cómputo especificado anteriormente (alumnado matriculado máis equipos de reserva), procederase á retirada do exceso de equipos por parte do persoal do Soporte Premium.

As familias con alumnado actualmente matriculado en grupos E-Dixgal no curso 2023/24, que no curso anterior asinaron o acordo de cesión e non devolveron o equipo no período estival, non terán que volver a asinalo xa que se considera vixente o acordo do curso pasado.

Os documentos de cesión do equipamento asinados polas familias (ben no presente curso, ou no curso pasado no caso de alumnado que mantén o equipo) deberán ser dixitalizados e remitidos a través da propia aplicación <https://www.edu.xunta.es/uac/premium>

ACCESO AO EVA DO ALUMNADO

O nome de usuario de acceso ao EVA por parte do alumnado será o mesmo co do curso actual, pero os contrasinais quedarán reseteados ao comezo do novo curso. Como en anos anteriores, será o profesorado o encargado de facerlle chegar ao alumnado a clave provisional de acceso ao EVA. O contrasinal modificado polo alumnado deberá ter 8 caracteres e como mínimo unha maiúscula, unha minúscula e un número.

SOPORTE PREMIUM

O proxecto E-Dixgal conta cun equipo de soporte específico (Soporte Premium) que canalizará todas as incidencias relativas a centros, familias e profesorado.

As canles de contacto que dispoñen os usuarios son as seguintes:

- Correo: soporte.premium@edu.xunta.es
- Teléfono: 881 86 90 00
- WhatsApp: 604 06 78 56
- Telegram: @Serviciopremiumedixgal

SEGURO

As familias que o desexen poden contratar de xeito voluntario un seguro anual (válido desde setembro de 2023 ata agosto de 2024), que permite cubrir o risco dos danos no portátil non contemplados na garantía.

O custo anual do devandito seguro é de 49 € (I.V.E. incluído), e as familias poden realizar a contratación a través do número de teléfono 881 505 136.

FORMACIÓN

Os Centros de Formación e Recursos (CFR) e o Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI) son os organismos encargados de planificar a formación relacionada co proxecto E-Dixgal.

PRESENTACIÓN DOS CONTIDOS CURRICULARES EDITORIAIS

Dende o **martes día 5 e ata o xoves día 7 setembro de 12:00 a 13:00 hs**, grazas á colaboración das empresas provedoras de contidos educativos dixitais do proxecto E-Dixgal, van ter lugar uns **webinars** para aprofundar no **modelo funcional e pedagógico** dos recursos editoriais publicados no Entorno Virtual de Aprendizaxe.

O profesorado interesado en recibir esta primeira formación do curso 2023/2024, pode incorporarse a estas sesións a través das seguintes ligazóns:

Aulaplaneta: “Traballa cos contidos de Aulaplaneta en E-Dixgal”

Martes 5 de setembro de 12:00 a 13:00hs

[Sala Webminar](#) (acceso directo)

Edebé: “Traballar con Situacións de Aprendizaxe de Edebé”

Mércoles 6 de setembro de 12:00 a 13:00hs

[Sala Webminar](#) (acceso directo)

Netex-Smart: “Traballa con contidos SmartClassroom de Netex”

Xoves 7 de setembro de 12:00 a 13:00hs

[Inscripción para o webinar](#) (é necesario inscribirse antes do xoves día 7 de setembro)

DOCUMENTACIÓN PROXECTO E-DIXGAL

Na Aula Aberta Abalar (<https://www.edu.xunta.gal/centros/abalar/aulavirtual/>) recóllese información e documentación útil para o profesorado de niveis E-Dixgal.

- [Documentación para a formación inicial E-Dixgal](#)
- [Documentación para a formación avanzada E-Dixgal](#)



Na URL: <https://espazoabalar.edu.xunta.gal/e-dixgal> pode atopar máis información sobre o Proxecto E-Dixgal.

Para calquera dúbida ou aclaración sobre algún dos puntos anteriores pode poñerse en contacto co seu asesor/a Abalar de zona.

Moitas grazas pola súa colaboración.